

# **PLAN ACCIÓN TITORIAL**

*CURSO 2023-2024*

**CENTRO PLURILÍNGÜE ANTONIO ORZA COUTO**

## ÍNDICE

**1.- INTRODUCCIÓN.**

**2.- FINALIDADE DA ACCIÓN TITORIAL.**

**3, OBXETIVOS DO PLAN ACCIÓN TITORIAL**

3.1. A NIVEL DE CENTRO

3.2. A NIVEL DE PROFESORADO E CONCRETAMENTE Ó TITOR/A

3.3. A NIVEL DE ALUMNADO

3.4. A NIVEL DAS FAMILIAS:

**4. CONTIDOS DO PLAN ACCIÓN TITORIAL**

4.1. PROGRAMACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL

**5. ACTIVIDADES**

**6. TEMPORALIZACIÓN**

**7. RECURSOS**

**8. AVALIACIÓN**

## 1.- INTRODUCCIÓN.

O presente Plan de Acción Tutorial (PAT) é unha **proposta** da acción tutorial a desenvolver ó longo do curso escolar. Ven a recoller as liñas comúns de actuación que han de guiar a acción tutorial de todo o profesorado e que estarán presentes no conxunto das tutorías. Constitúe un **documento-guía** das sesións de tutoría e das intervencións de cada titor/a cos seus tutorandos individualmente e como grupo-clase. O PAT é un documento **provisioal aberto e flexible** (aberto a propostas que vaian xurdindo ao longo do curso tanto de institucións públicas coma privadas que puideran ser do noso interese) **que debe permitir cambios e modificacións en función das necesidades e demandas do grupo e profesorado durante a súa aplicación.** O documento que segue pretende resumir os traballos que un titor/a debe desenvolver ao longo do curso escolar.

Dentro das actividades de tutoría desenvolveranse accións destinadas ao cumprimento dos programas socilitados:

PLAN PROXECTA: Nutriescola, 365 días de igualdade, taller máis alá do plato, vida deportiva, 360 días de resepeto e igualdade, Nutriescola.

CONTRATOS PROGRAMA: Innova: Edusaude. O centro como dinamizador de estilos de vidas saudables. Iguálate e Emociónate.

PROA PLUS (3º A 6º E Primaria)

DIXITAL WEEK do 22 ao 28 de outubro.

Valoramos a posibilidade de presentarnos aos Premios de boas prácticas na educación inclusiva.

Na memoria final recolleranse as accións definitivas levadas a cabo.

## 2. FINALIDADE DA ACCIÓN TUTORIAL

A acción tutorial ten como finalidade:

- Favorecer a educación integral do alumnado como persoas.
- Potenciar unha educación o máis personalizada posible e que teña en conta as necesidades de cada alumno.
- Manter a cooperación educativa coas familias.

No logro desta finalidade están implicados os seguintes axentes educativos:

- **Departameto de Orientación:** O PAT, tal como se recolle na orde 120/1998 pola que se regula a orientación debe ser elaborado polo departamento de orientación seguindo

as directrices e aportacións da CCP e claustro de profesorado. Elabora a proposta de actuación da acción tutorial e contribúe ao desenvolvemento e implantación do P.A.T. colaborando co equipo docente, e tutores/as en cantas tarefas educativas e de seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe que se formulen e se acorden levar a cabo, facilitando criterios de actuación e recursos e instrumentos . Poderá intervenir directamente con un alumno/a e/ou grupo en programas puntuais que competen ao Departamento de Orientación como complemento das actuacións levadas a efecto por un profesor-tutor

- **Xefatura de Estudos:** coordina as actuacións do Plan de Acción Tutorial coa colaboración do Departamento de orientación. Establecendo os criterios e propostas de actuación e coordinación de profesorado, tutores/as e equipos docentes.

### **3. OBXETIVOS DO PLAN ACCIÓN TUTORIAL**

#### **3.1. A NIVEL DE CENTRO:**

Sensibilizar e facer ver a través das distintas reunións, que a acción tutorial é responsabilidade de tódolos profesores (aínda que se intensifique na figura do tutor/a e no DO).

#### **3.2. A NIVEL DE PROFESORADO E CONCRETAMENTE Ó TUTOR/A**

- Proporcionar a documentación e os instrumentos necesarios para ofrecer ao alumnado unha orientación adecuada.
- Solicitar a súa colaboración para facer un seguimento dos distintos grupos.
- Colaborar co tutor na análise das necesidades do grupo.
- Coordinar a acción educativa do equipo docente.
- Facilitar soporte técnico para o desenvolvemento da función tutorial.

#### **3.3. A NIVEL DE ALUMNADO**

Tendo sempre en conta que o obxectivo primordial da educación é o desenvolvemento integral da persoa mais aló dos coñecementos, enriquecendo as dimensións intelectual, afectiva, física, social ... destacamos pois os seguintes obxectivos xerais que todo PAT debe contemplar:

- Dinamizar o Plan de Convivencia a través das tutorías.
- Poñer en marcha accións preventivas ante o acoso escolar.
- Favorecer a integración e participación dos alumnos no centro.
- Favorecer o benestar emocional do alumnado.

- Seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumno.

- Comunicación fluída coas familias.

O obxectivo é a Educación Integral e Personalizada de todos e cada un dos alumnos/as:

- Integrar ao alumnado no seu grupo aula, no centro e no entorno social, promovendo o desenvolvemento de actitudes de solidariedade e participación. (Interacción grupal)

- Desenvolver habilidades e métodos de estudo que axuden ao alumnado na organización e desenvolvemento do seu traballo da maneira máis cómoda, rápida e eficaz: "aprendendo a aprender".

- Orientación Profesional, ofrecer ao alumnado toda a información acerca de: optativas, itinerarios, opcións, estudos e profesións, así como dos procesos de toma de decisións, avaliacións das mesmas e transicións á vida activa para que o alumnado poida descubrir, realizar e acadar o seu propio proxecto de vida (coñecemento do seu entorno social, económico e laboral)

- Orientación personal, traballar a formación en valores: liberdade, traballo, esforzo, solidariedade, paz, xustiza, respecto e responsabilidade para alcanzar o seu propio desenrolo persoal e social (san e equilibrado)

- Garantizar o dereito dos alumnos a recibir unha orientación persoal adecuada.

- Axudar na toma de decisións (especialmente ós máis indecisos e con necesidades específicas).

### 3.4. A NIVEL DAS FAMILIAS:

- Facilitar unha comunicación fluída coas familias.

- Proporcionarlles información sobre o rendemento académico dos seus fillos.

- Buscar a súa colaboración para plantexar as actuacións a levar a cabo cando nos encontramos con aneae.

## 4. CONTIDOS DO PLAN ACCIÓN TITORIAL

### 4.1. PROGRAMACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL

O obxectivo fundamental é proporcionar un programa de traballo que, o mesmo tempo, nos permita aportar aos titores o material que necesitan para levar a cabo a súa labor e tamén, para poder facer un seguimento desa acción titorial.

Esta programación estará organizada por niveis, e as actividades estarán temporalizadas mensualmente. Non obstante, hai que resaltar o carácter de flexibilidade desta proposta

de traballo.

**Os contidos** a contemplar serán os especificados a continuación:

1. **Acollida integración e convivencia.** Neste bloque traballaríanse actividades vinculadas con estes contidos:

- Coñecemento do centro, instalacións e aula
- Coñecemento do grupo
- Datos persoais dos alumnos
- Presentación da titoría (para informarlles da programación e darlles a oportunidade de dar a súa opinión e facer propostas)
- Dereitos e deberes dos alumnos
- Normas de convivencia na aula
- Aula de convivencia
- Elección de delegados
- Reunións cos pais do grupo

**-Técnicas de estudo e de traballo individual.** Os contidos farían referencia a:

- Factores que condicionan o estudo
- Planificación adecuada do estudo
- Métodos de estudo
- Técnicas para sintetizar o contido
- Tomar apuntes
- Os traballos monográficos
- Os exámes
- Técnicas de memorización
- Planificación dos repasos

**-A Avaliación.** Con este bloque traballarase:

- A preparación dos exames
- A planificación do estudo
- A elaboración de calendario de exámes
- As suxerencias do alumnado e as propostas de mellora (preavaliación )

**-Orientación académica profesional** (contidos recollidos no POAP)

- Autoconcepto e autoestima
- Coñecemento dos propios valores

- Coñecemento dos propios intereses e posibilidades
- Habilidades sociais
- Toma de decisións
- Información académica
- Información profesional
- Información sobre o mundo laboral e búsqueda de emprego

**-Outros temas de interés.** Neste bloque déixase aberta a posibilidade de que os titores e o seu grupo de alumnos propoñan aqueles temas que lles parezan máis importantes e motivadores. Neste punto pódense recoller contidos vinculados con:

- A adolescencia
- Temas transversais: saúde, consumo, igualdade
- Videoxogos e teleadición
- Prevención de drogodependencias.
- Redes sociais
- Acoso escolar
- Violencia de xénero
- Igualdade efectiva entre mulleres e homes
- Benestar emocional

## **5. ACTIVIDADES**

As actividades do PAT para as sesións de titorías estarán programadas mensualmente para cada nivel( VER ANEXO) . Apoiaranse as actividades con talleres e/ou charlas en colaboración con outras institucións:

- Plan director de convivencia
- Querote +
- CIM ( Concello)
- OMIX( Oficina Municipal de Información Xuvenil do Concello)...

## **6.TEMPORALIZACIÓN**

O desenvolvemento do Plan de Acción Titorial levarase ao longo de todo o curso, distribuindo os obxectivos e contidos por trimestres segundo a adecuación e conveniencia educativa e materializándoos nas actividades a realizar.

## **7.RECURSOS**

- HUMÁNS:

- Titores, Departamentos Didácticos, Departamento de Orientación,

Xefatura de Estudos, EOE, asesoría de orientación e outras entidades.

- **MATERIAIS:**

- Documentación bibliográfica: lexislación, materiais elaborados no DO, materiais que se empregan como documentos de traballo e tamén publicacións periódicas e libros que forman parte da documentación do centro.
- Mobiliario: ordenadores, arquivos...
- PAT

## **8. AVALIACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL**

A avaliación pretende analizar:

- A organización da acción titorial do centro
- A implicación dos propios titores no desenvolvemento do PAT
- A adecuación do PAT deseñado polo departamento de orientación
- A utilidade do material aportado aos titores

Esta valoración levaráse a cabo en:

- Reunións periódicas cos titores
- Cuestionarios dirixidos ós titores/as e ao alumnado
- Reunións do DO para analizar os datos recollidos e plantexar suxerencias.

De cara a avaliación, teranse en conta:

As observacións realizadas dende o propio departamento por parte de todos e cada un dos seus membros .

As suxerencias e información provintes do profesorado, alumnado e pais/ nais destes últimos.

E as valoracións de instancias externas ó centro como poden ser o Servicio de Inspección Educativa ou o Equipo de Orientación Específico.

**Os criterios de avaliación do PAT serán os seguintes:**

- **EFICACIA:** Relación entre o asignado e o alcanzado.
- **GRAO DE SATISFACCIÓN:** Dos usuarios implicados.
- **AUTOVALORACIÓN:** Do traballo realizado
- **SATISFACTORIO,** entre os obxectivos plantexados e os acadados.



- **ADECUACIÓN ÁS NECESIDADES** e situacións reais.
- **COHERENCIA**, grado de consistencia coas propostas plantexadas.
- **UTILIDADE**, grao de aplicación e funcionalidade.
- **PROGRESO**, relación entre prestacións realizadas e previstas.

Teranse en conta as observacións, valoracións, propostas e críticas dos distintos membros da comunidade educativa.

En calquer caso, debemos ter presente que o Plan de Acción Tutorial constitúe dende un primeiro momento unha proposta flexible que se deberá ir adaptando às demandas, necesidades, circunstancias...que podan ir xurdindo ao longo do curso.

## ANEXO: ACTIVIDADES PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

### 1.PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL DE ESO

### 2.PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL DE INFANTIL E PRIMARIA

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL				
Mes	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
<b>SETEMBRO</b>	<p><b>PRESENTACIÓN DA TITORÍA</b> (informarlles da programación e darlles a oportunidade de dar a súa opinión e facer propostas)</p> <p>RECOLLIDA DATOS PERSOAIS do alumnado. INVENTARIO DA AULA. NORMAS DO CENTRO - Comunicaci3ns do titor ao alumnado). ELECCIÓN DE DELEGADO/A - Funci3ns - “Eleximos 3 noso representante” Programa benestar emocional</p>	<p><b>PRESENTACIÓN DA TITORÍA</b> (Para informarlles da programación e darlles a oportunidade de dar a súa opini3n e facer propostas)</p> <p>RECOLLIDA DATOS PERSOAIS do alumnado. INVENTARIO DA AULA. NORMAS DO CENTRO - Comunicaci3ns do titor ao alumnado). ELECCIÓN DE DELEGADO/A - Funci3ns - “Eleximos 3 noso representante” Programa Benestar emocional</p>	<p>PRESENTACIÓN DA TITORÍA (Para informarlles da programación e darlles a oportunidade de dar a súa opini3n e facer propostas)</p> <p>DATOS PERSOAIS do alumnado.  INVENTARIO DA AULA. NORMAS DO CENTRO - (Comunicaci3ns do titor ao alumnado). ELECCIÓN DE DELEGADO/A - Funci3ns - “Eleximos 3 noso representante” Programa benestar emocional</p>	<p>PRESENTACIÓN DA TITORÍA (Para informarlles da programación e darlles a oportunidade de dar a súa opini3n e facer propostas)</p> <p>DATOS PERSOAIS do alumnado.  INVENTARIO DA AULA. NORMAS DO CENTRO - Comunicaci3ns do titor ao alumnado). ELECCIÓN DE DELEGADOS - Funci3ns - “Eleximos 3 noso representante” Programa benestar emocional</p>

<b>OUTUBRO</b>	<p>REUNIÓNS COS PAIS DO GRUPO</p> <p>AVALIACIÓN INICIAL (Análise da información e toma de decisións )</p> <p>TÉCNICAS DE ESTUDO: Cuestionario de hábitos de estudo e do uso das técnicas.</p> <p>Organización e planificación do estudo: o plan de estudo persoal en colaboración e co seguimento da familia</p>	<p>REUNIÓNS COS PAIS DO GRUPO</p> <p>AVALIACIÓN INICIAL (Análise da información e toma de decisións )</p> <p>TÉCNICAS DE ESTUDO: Cuestionario de hábitos de estudo e do uso das técnicas.</p> <p>Organización e planificación do estudo: o plan de estudo persoal</p>	<p>ELECCIÓN DE DELEGADOS - Funcións - “Eleximos ó noso representante”</p> <p>REUNIÓNS COS PAIS DO GRUPO</p> <p>AVALIACIÓN INICIAL (Análise da información e toma de decisións )</p> <p>TÉCNICAS DE TRABALLO INTELECTUAL</p> <p>EDUCACIÓN EN VALORES</p>	<p>ELECCIÓN DE DELEGADOS - Funcións - “Eleximos ó noso representante”</p> <p>REUNIÓNS COS PAIS DO GRUPO</p> <p>AVALIACIÓN INICIAL (Análise da información e toma de decisións )</p> <p>TÉCNICAS DE TRABALLO INTELECTUAL</p> <p>EDUCACIÓN EN VALORES</p>

**PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

Mes	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
<b>NOVIEMBRE</b>	<p>TÉCNICAS DE ESTUDIO:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os factores ambientais no estudo persoal.</li> <li>- Subraiado.</li> <li>- Esquemas,</li> <li>- Resumos</li> </ul> <p>HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS</p>	<p>TALLER DE HABILIDADES SOCIAIS</p> <p>TÉCNICAS DE ESTUDIO:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os factores ambientais no estudo persoal.</li> <li>- Subraiado</li> <li>- Esquemas</li> <li>- Resumos.</li> </ul> <p>HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS</p>	<p>TÉCNICAS DE TRABAJO INTELLECTUAL</p> <p>HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS</p>	<p>TÉCNICAS DE TRABAJO INTELLECTUAL</p> <p>PREVENCIÓN DE VIOLENCIA XÉNERO</p>
<b>DECEMBRO</b>	<p>Preparación da Primeira sesión de Avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Preavaliación</li> </ul>	<p>Preparación da Primeira sesión de Avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Preavaliación</li> </ul>	<p>Preparación da Primeira sesión de Avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Preavaliación</li> </ul>	<p>Preparación da Primeira sesión de Avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Preavaliación</li> </ul>

**PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

Mes	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
<b>XANEIRO</b>	<p>Análise dos resultados da Primeira Avaliación.</p> <p>Análise da titoría</p> <p>TALLER DE HABILIDADES SOCIAIS: Habilidades cognitivas</p>	<p>Análise dos resultados da Primeira Avaliación.</p> <p>Análise da titoría</p> <p>TALLER DE HABILIDADES SOCIAIS: Habilidades cognitivas</p> <p>”</p>	<p>Análise dos resultados da Primeira Avaliación.</p> <p>TALLER DE HABILIDADES SOCIAIS: Habilidades cognitivas</p> <p>Película sobre Educación para A PAZ</p>	<p>Análise dos resultados da Primeira Avaliación.</p> <p>TALLER DE HABILIDADES SOCIAIS: Habilidades cognitivas</p> <p>Película sobre Educación para A PAZ</p>
<b>FEBREIRO</b>	<p>“Educación para a Paz“: Xogo do Abanico.</p> <p>Educación para a paz: proxección de unha película na aula, días 4 e 18</p> <p>TALLER DE HABILIDADES SOCIAIS: Dilemas morais</p>	<p>“Educación para a Paz “: Xogo do Abanico</p> <p>Educación para a paz: proxección de unha película na aula os días 4 e 18</p> <p>TALLER DE HABILIDADES SOCIAIS: Dilemas morais</p>	<p>Educación para a Paz : Quen é Quen</p> <p>Prevención Lesións Medulares “AESLEME”</p> <p>TALLER DE HABILIDADES SOCIAIS: Dilemas morais</p>	<p>Educación para a Paz: Quen é Quen</p> <p>Prevención Lesións Medulares “AESLEME”</p> <p>TALLER DE HABILIDADES SOCIAIS: Dilemas morais</p> <p>TALLER DE PREVENCIÓN DE ANOREXIA E BULIMIA</p> <p>STOP ACCIDENTES</p>
<b>MARZO</b>	<p>TALLER DE HABILIDADES SOCIAIS: Habilidades Sociais</p> <p>TALLER DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIA</p> <p>Preparación da segunda avaliación</p>	<p>TALLER DE HABILIDADES SOCIAIS: Habilidades Sociais</p> <p>TALLER DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIA</p> <p>Preparación da Segunda Avaliación</p>	<p>TALLER DE HABILIDADES SOCIAIS: Habilidades Sociais</p> <p>TALLER AFECTIVO SEXUAL</p> <p>Preparación da Segunda Avaliación</p>	<p>TALLER DE HABILIDADES SOCIAIS: Habilidades Sociais</p> <p>IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES</p> <p>Preparación da Segunda Avaliación</p>

Mes	PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL			
	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
<b>ABRIL</b>	TALLER HABILIDADES SOCIAIS Análise da Segunda Avaliación	Análise da Segunda Avaliación  TALLER HABILIDADES SOCIAIS Análise da Segunda Avaliación	Análise da Segunda Avaliación ORIENTACIÓN ACADÉMICA: Programa Orienta  Charlas orientativas	Análise da Segunda Avaliación ORIENTACIÓN ACADÉMICA: Programa Orienta  Charlas orientativas
<b>MAIO</b>	Preparación da terceira avaliación TECNICAS DE ESTUDO STOP ACCIDENTES	ORIENTACIÓN ACADÉMICA: - As optativas de 3º ESO. - Ensinanzas académicas - Ensinanzas aplicadas. -  STOP ACCIDENTES	TALLER DE PREVENCIÓN DE ANOREXIA E BULIMIA STOP ACCIDENTES  ORIENTACIÓN ACADÉMICA: TOMA DE DECISIONS - ¿Qué decidimos? - Decidir...e eso ¿qué é? - ¿Qué elixirías ti? - Decálogo para decidir ben - ¿Fácil ou difícil?  TOMADE DECISIONS ACADÉMICAS -Novos itinerarios na ESO. - As optativas de 4º ESO. - PMAR - FP BÁSICA -STOP ACCIDENTES - SIMULACIÓN - ACCIDENTE	ORIENTACIÓN ACADÉMICA: TOMA DE DECISIONS - ¿Qué decidimos? - Decidir...e eso ¿qué é? - ¿Qué elixirías ti? - Decálogo para decidir ben - ¿Fácil ou difícil? - TOMA DE DECISIONS ACADÉMICAS -Novos itinerarios no Bach. -CFGM e CFGS - FP BÁSICA - STOP ACCIDENTES SIMULACIÓN - ACCIDENTE

Mes	PLAN DE ACCIÓN TITORIAL			
	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
<b>XUÑO</b>	<p>Avaliación da titoría</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elección de xogos</li> <li>-Aprender a ver a TV</li> <li>- Eu ante a TV</li> <li>- Reflexión final (decálogo para saber elixir ben os videoxogos e decálogo para saber seleccionar un programa de TV)</li> </ul> <p>Avaliación do grupo e valoración do proceso de E/A.</p> <p>Autoavaliación do curso</p>	<p>Avaliación da titoría</p> <p>EDUCACIÓN PARA O OCIO VÍDEOXOGOS E TELEADICCIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elección de xogos</li> <li>-Aprender a ver a TV</li> <li>- Eu ante a TV</li> <li>- Reflexión final (decálogo para saber elixir ben os videoxogos e decálogo para saber seleccionar un programa de</li> </ul> <p>Avaliación do grupo e valoración do proceso de E/A.</p> <p>Autoavaliación do curso</p>	<p>Avaliación da titoría</p> <p>Avaliación do grupo e valoración do proceso de E/A.</p> <p>Autoavaliación do curso</p> <p>EDUCACIÓN PARA O OCIO VIDEIXOGOS E TELEVISIÓN</p>	<p>Avaliación da titoría</p> <p>Avaliación do grupo e valoración do proceso de E/A.</p> <p>Autoavaliación do curso</p> <p>EDUCACIÓN PARA O OCIO VIDEIXOGOS E TELEVISIÓN</p>





## PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL INFANTIL E PRIMARIA

MES	INFANTIL	1º CICLO	2º CICLO	3º CICLO
<b>S E T E M B R O</b>	<p><b>Entrevista individual</b> titoras – pais</p> <p><b>Actividades de acollida.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación do equipo docente no salón de Actos. Adxudicación de grupo.</li> </ul> <p><b>Periodo de adaptación</b> Coñecemento entre os alumnos .Recomendacións ós pais para favorecer a autonomía na escola.</p> <p><b>Coñecemento do centro:</b> aula, patio e outros espazos didácticos.</p> <p><b>Recollida de información sobre os alumnos.</b></p> <p><b>Avaliación inicial</b></p> <p><b>Programa benestar emocional</b></p>	<p><b>1. Actividades de acollida.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación do equipo docente no salón de Actos. Adxudicación de grupo.</li> <li>• Presentación do titor na súa aula. Primeira toma de contacto coas familias.</li> <li>• Coñecemento entre alumnos de nova incorporación e aqueles que cambien de grupo.</li> <li>• Exercicios para favorece-la relación e integración do grupo</li> </ul> <p><b>Programa benestar emocional</b></p> <p><b>2. Coñecemento do centro escolar</b></p> <p>Desenvolvemento dunha unidade didáctica “O noso</p>	<p><b>1. Actividades de acollida.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación do equipo docente no salón de Actos. Adxudicación de grupo.</li> <li>• Presentación do titor na súa aula. Primeira toma de contacto coas familias.</li> <li>• Coñecemento entre alumnos de nova incorporación e aqueles que cambien de grupo.</li> <li>• Exercicios para favorece-la relación e integración do grupo</li> </ul> <p><b>Programa benestar emocional</b></p> <p><b>2. Recollida de información sobre os alumnos no seu expediente.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Datos persoais</li> <li>• Características persoais.</li> <li>• Rendemento.</li> </ul>	<p><b>1. Actividades de acollida.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación do equipo docente no salón de Actos. Adxudicación de grupo.</li> <li>• Presentación do titor na súa aula. Primeira toma de contacto coas familias.</li> <li>• Coñecemento entre alumnos de nova incorporación e aqueles que cambien de grupo.</li> <li>• Exercicios para favorece-la relación e integración do grupo</li> </ul> <p>organizativa A aula: Espazos e materiais...</p>

<b>S E P T E M B R O</b>		<p>Centro” Dependencias e servizos Estructura organizativa A aula: Espazos e materiais...</p> <p><b>3. Recollida de información sobre os alumnos no seu expediente.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Datos persoais</li> <li>• Características persoais.</li> <li>• Rendemento.</li> <li>• Dificultades de adaptación.</li> <li>• Dificultades de aprendizaxe.</li> <li>• Necesidades educativas especiais.</li> </ul> <p><b>4. Organización e funcionamento da aula</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Normas da clase. Disciplina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dificultades de adaptación.</li> <li>• Dificultades de aprendizaxe.</li> <li>• Necesidades educativas especiais.</li> </ul> <p><b>3. Organización e funcionamento da aula</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Normas da clase. Disciplina.</li> <li>• Agrupamento de alumnos.</li> <li>• Formación de grupos de traballo</li> <li>• Apoios. Grupos de reforzo educativo.</li> </ul>	<p><b>Programa bienestar emocional</b> <b>2. Recollida de información sobre os alumnos no seu expediente.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Datos persoais</li> <li>• Características persoais.</li> <li>• Rendemento.</li> <li>• Dificultades de adaptación.</li> <li>• Dificultades de aprendizaxe.</li> <li>• Necesidades educativas especiais.</li> </ul> <p><b>3. Organización e funcionamento da aula</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Normas da clase. Disciplina.</li> <li>• Agrupamento de alumnos.</li> <li>• Formación de grupos de traballo</li> <li>• Apoios. Grupos de reforzo educativo.</li> </ul>
	<p><b>Organización e funcionamento da aula</b></p>	<p><b>Análisis da Avaliación inicial do alumnado.</b></p>	<p><b>Análisis da Avaliación inicial do alumnado.</b></p>	<p><b>Análisis da Avaliación inicial do alumnado.</b></p>

O  
C  
U  
R  
S  
O

**Reunión de principio de curso**

.Participación das familias na adquisición e mellora de hábitos de hixiene e vestido, de alimentación, de traballo individual e colectivo .Horario de recepción de pais. Intercambio de información entre pais e titoras para un maior coñecemento dos nenos/as.

**Informacións da dirección** sobre calendario escolar, servizos escolares,  
Retirada de alumnos en horario lectivo,  
Acordos sobre celebración de aniversarios...  
Ausencias do alumno, notificación por escrito...

**Reunión de principio de curso**

Horario de recepción a pais  
Traballo do alumno en casa.  
Informacións da dirección sobre calendario escolar, servizos escolares,  
Retirada de alumnos en horario lectivo,  
Acordos sobre celebración de aniversarios...  
Ausencias do alumno, notificación por escrito...

**Adquisición e mellora de hábitos de traballo**

Hábitos básicos: Autonomía. Orde.

**Unha alimentación saudable e**

**Reunión de principio de curso**

Horario de recepción a pais  
Traballo do alumno en casa.  
Informacións da dirección sobre calendario escolar, servizos escolares,  
Retirada de alumnos en horario lectivo,  
Acordos sobre celebración de aniversarios...  
Ausencias do alumno, notificación por escrito...

**Adquisición e mellora de hábitos de traballo**

Hábitos básicos: Autonomía. Orde  
Os deberes como principio dun plan de traballo persoal.  
Estratexias de reforzo: Reforzo.  
Adaptación curricular.

**Unha alimentación saudable e equilibrada**

2 sesións de 50 minutos

**Reunión de principio de curso**

Horario de recepción a pais  
Traballo do alumno en casa.  
Informacións da dirección sobre calendario escolar, servizos escolares,  
Retirada de alumnos en horario lectivo,  
Acordos sobre celebración de aniversarios...  
Ausencias do alumno, notificación por escrito...

**Adquisición e mellora de hábitos de estudo**

Cuestionario de hábitos de estudo  
Reflexión e toma de decisións  
Deseño dun dossier de técnicas de estudo  
Técnicas de captación da información: Lectura, escritura, información oral, toma de apuntamentos.

**ELECCIÓN DE DELEGADOS**

- Funcións
- "Eleximos ó noso representante

<p style="text-align: center;"><b>O C T U B R O</b></p>		<p><b>equilibrada</b> 1 sesións de 50 minutos/nivel</p> <p>: “Brincos de saúde”actividade lúdica a celebrar durante os rereo do tempo lectivo.</p> <p>Inicio dunha secuencia de actividades en toda infantil e primaria para incidir na mellora das nosas <b>habilidades sociais</b>. Programaranse con simultaneidade, tentando implicar a toda a comunidade educativa.</p> <p><b>Avaliación inicial</b></p>	<p>“A importancia dun almorzo saudable”, charla compartida co 3º ciclo</p> <p>: “Brincos de saúde”actividade lúdica a celebrar durante os rereo do tempo lectivo.</p> <p>.</p> <p>Inicio dunha secuencia de actividades en toda infantil e primaria para incidir na mellora das nosas <b>habilidades sociais</b>. Programaranse con simultaneidade, tentando implicar a toda a comunidade educativa.</p> <p><b>Avaliación inicial</b></p>	<p><b>Unha alimentación saudable e equilibrada</b> 2 sesións de 50 minutos “A importancia dun almorzo saudable”, charla compartida co 3º ciclo : “Brincos de saúde”actividade lúdica a celebrar durante os rereo do tempo lectivo.</p> <p>Inicio dunha secuencia de actividades en toda infantil e primaria para incidir na mellora das nosas <b>habilidades sociais</b>. Programaranse con simultaneidade, tentando implicar a toda a comunidade educativa.</p> <p><b>Avaliación inicial</b></p>
<p style="text-align: center;"><b>O N</b></p>	<p><b>Habilidades sociais</b></p> <p>Participación voluntaria das</p>	<p><b>Habilidades sociais</b></p>	<p><b>Habilidades sociais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Habilidades básicas de interacción social: sonrisa, mirada...</li> </ul>	<p><b>Habilidades sociais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Habilidades básicas de interacción social: sonrisa, mirada...</li> </ul>

<b>V E M B R O</b>	<p>familias na adquisición e mellora de hábitos de hixiene e vestido, de alimentación, de traballo individual e colectivo. Colaboración das familias no desenrolo das unidades didacticas aportando materiais e experiencias.</p>	<p><b>Preavaliación</b></p>	<p><b>Preavaliación</b></p>	<p><b>Preavaliación</b></p>
<b>D E C E M</b>	<p><b>Habilidades sociais</b> . Visionado de vídeos sobre diferentes comportamentos correctos e incorrectos na clase.</p>	<p><b>Habilidades sociais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comportarse ante os demais</li> <li>• Comportarme ante min mesmo</li> </ul> <p><b><u>Sesión da 1ª avaliación</u></b></p>	<p><b>Habilidades sociais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os saúdos</li> <li>• Pedir e conceder favores</li> </ul> <p><b><u>Sesión da 1ª avaliación</u></b></p>	<p><b>Habilidades sociais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os saúdos</li> <li>• Pedir e conceder favores</li> </ul> <p><b><u>Sesión da 1ª avaliación</u></b></p>
<b>X</b>	<p><b>Habilidades sociais</b> Visionado de vídeos sobre diferentes comportamentos</p>	<p><b>Habilidades sociais</b> Visionado de vídeos sobre diferentes comportamentos</p>	<p><b>Habilidades sociais:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os cumpridos</li> </ul>	<p><b>Habilidades sociais:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os cumpridos</li> </ul>

<b>A N E I R O</b>	<p>correctos e incorrectos na clase.</p> <p>Interacción familia-escola para propiciar o gusto pola lectura e a investigación.</p>	<p>correctos e incorrectos na casa</p> <p>Análise dos resultados da Primeira Avaliación.</p> <p><b>Película sobre a Educación para A PAZ</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Compartir</li> </ul> <p>Análise dos resultados da Primeira Avaliación.</p> <p><b>Película sobre a Educación para A PAZ</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Compartir</li> </ul> <p>Análise dos resultados da Primeira Avaliación.</p> <p><b>Película sobre a Educación para A PAZ</b></p>
<b>F E B R E I R</b>	<p><b>Habilidades sociais</b></p> <p>Dramatizacións na aula representando comportamentos correctos e incorrectos na clase.</p>	<p><b>Habilidades sociais</b></p> <p>Dramatizacións na aula representando comportamentos correctos e incorrectos na casa.</p> <p><b>Preavaliación</b></p>	<p><b>Habilidades sociais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentacións</li> <li>• Conversacións</li> <li>• Turno de palabra</li> </ul> <p><b>Preavaliación</b></p>	<p><b>Habilidades sociais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentacións</li> <li>• Conversacións</li> <li>• Turno de palabra</li> </ul> <p><b>Técnicas de estudo</b></p> <p><b>Preavaliación</b></p>
<b>M</b>	<p>Dramatizacións na aula representando comportamentos</p>	<p>Dramatizacións na aula representando comportamentos</p>	<p><b>Habilidades sociais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Formular queixas</li> </ul>	<p><b>Habilidades sociais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Formular queixas</li> </ul>

<b>A R Z O</b>	<p>correctos e incorrectos na clase.</p> <p><b><u>Sesión da 2ªavaliación</u></b></p> <p>Fomento de actividades que potencien o desenvolvemento persoal e o coñecemento do contorno: saída didáctica. Recepción de pais e intercambio de información.</p>	<p>correctos e incorrectos na casa.</p> <p><b><u>Sesión da 2ªavaliación</u></b></p>	<p><b><u>Sesión da 2ªavaliación</u></b></p>	<p><b><u>Sesión da 2ªavaliación</u></b></p> <p><b>Alimentación e saúde.</b></p>
<b>A B R I</b>	<p>Dramatizacións na aula representando comportamentos correctos e incorrectos na casa.</p> <p>Participación de familia-escola na mellora de hábitos que potencien o coñecemento de sí mesmo e a súa autonomía persoal, o coñecemento do contorno, o desenvolvemento da linguaxe oral fomentando actitudes de escoita e conversa, lectura...e o punto de vista dos pais cando os nenos se comportan mal.</p>	<p>Dramatizacións na aula representando comportamentos correctos e incorrectos na clase.</p> <p>Participación de familia-escola na mellora de hábitos que potencien o coñecemento de sí mesmo e a súa autonomía persoal, o coñecemento do contorno, o desenvolvemento da linguaxe oral fomentando actitudes de escoita e conversa, lectura...e o punto de vista dos pais cando os nenos se comportan mal.</p>	<p><b>Habilidades sociais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aceptar e rexeitar críticas</li> </ul> <p><b>Análise dos resultados da 2ª avaliación</b></p>	<p><b>Habilidades sociais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aceptar e rexeitar críticas</li> </ul> <p><b>Análise dos resultados da 2ª avaliación</b></p> <p><b>Uso e disfrute da televisión</b></p> <p><b>Alimentación e saúde.</b></p>



		<b>Análise dos resultados da 2ª avaliación</b>		
<b>M A I O</b>	<p>Dramatizacións na aula representando comportamentos correctos e incorrectos na casa.</p> <p>Participación de familia-escola na mellora de hábitos que potencien o coñecemento de sí mesmo e a súa autonomía persoal, o coñecemento do contorno, o desenvolvemento da linguaxe oral fomentando actitudes de escoita e conversa, lectura...e o punto de vista dos pais cando os nenos se comportan mal.</p> <p>Participación das familias propoñendo lugares de interese para propiciar o coñecemento do contorno e o respecto pola natureza: saída didáctica polo Concello de Boqueixón.</p> <p>Recepción de pais: intercambio de información.</p>	<p><b>Habilidades sociais</b> dramatización facendo de pais e nais fronte a actitude negativa dos fillos. Algúns dos visionados ou dos exemplos que saíran nas sesións anteriores.</p> <p>Motivación por parte do titor/a sobre a función dos pais que queren o mellor para nós. Que son os que nos deben indicar o xeito de comportarnos, os tempos que precisamos de estudo, cando ir a dormir...</p>	<p><b>Habilidades sociais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Saber decir que non</li> <li>• Asertividade</li> </ul>	<p><b>Habilidades sociais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Saber decir que non</li> <li>• Asertividade</li> </ul> <p><b>Valoración das técnicas de estudo adquiridas</b></p>

	<p><b>Programa de ampliación de relacións sociais:</b> contacto coas escolas do entorno para concretar unha xornada de convivencia cos alumnos/as de nova incorporación. Contacto coa titora do programa de Preescolar na Casa para unha visita de pais/nais de alumnos/as que se incorporan ó centro. Recepción de pais: intercambio de información.</p>			
--	---	--	--	--

<p style="text-align: center;"><b>X C N O</b></p>	<p><b>Habilidades saudables</b> Información sobre hábitos de vida saudables</p> <p><b>Sesión da 3º avaliación</b></p> <p><b>Elaboración de folleto informativo</b> para entregar ás familias de alumnos de nova incorporación en educación infantil sobre as características das aulas,agrupamentos de alumnos, consellos para unha entrada menos traumática, período de adaptación, material preciso para o vindeiro curso.</p>	<p><b>Habilidades saudables</b> Información sobre hábitos de vida saudables</p> <p><b>Sesión da 3º avaliación</b></p> <p><b>Conellos para o verán</b></p>	<p><b>Habilidades sociais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresar emocións e sentimentos</li> </ul> <p><b>Sesión da 3º avaliación</b></p> <p><b>Conellos para o verán</b></p>	<p><b>Habilidades sociais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresar emocións e sentimentos</li> </ul> <p><b>Programa de orientación académico-profesional</b> Orientación individualizada ós alumnos do 6º curso</p> <p><b>Sesión da 3ª avaliación</b> Avaliación de todos os elementos do proceso de ensinanza-aprendizaxe</p> <p><b>Conellos para o verán.</b></p>
---	--	---	---	--

Nota: Esta proposta é aberta e flexible e orientada a servir de referencia para todo o profesorado. Pode cambiar a orde de execución ou variar totalmente os contidos a impartir dependendo das necesidades ou realidades que poidan ir xurdindo.